



Neste número // Convenio coa Consellería de Innovación e Industria / Cambio de sede e novas incorporacións de persoal / Presentación da Axenda Estratéxica de investigación / Foro de medios impresos e mundo dixital / Presenza na semana de Galicia en México /

A Consellería de Innovación e Industria asina un convenio co Clúster para apoiar as actuacións que se desenvolverán no bienio 2008/2009

O departamento dirixido por Fernando Blanco destina unha inxección de 400.000 euros, que permitirá fomentar a internacionalización do sector e dos consorcios de exportación, crear uns premios de deseño galego e establecer programas formativos, entre outras accións

Innovación e Industria vén de destinar máis de tres millóns de euros aos clústers industriais galegos para os anos 2008 e 2009, co obxectivo de potenciar e incrementar a súa capacidade tecnolóxica e o nivel da calidade produtiva dos seus asociados.

O pasado día 2 de setembro tivo lugar a sinatura do convenio entre Fernando Blanco, conselleiro de Innovación e Industria, e os presidentes dos clústers galegos do Produto Gráfico e do Libro, da Acuicultura, da Automoción, do Audiovisual, da Biotecnoloxía, do Navale da Madeira.

Jacobo Bermejo asinou o convenio que, segundo explicou Fernando Blanco, pretende que o labor dos clústers "propicie o crecemento económico e a creación de postos de traballo, fomente a cooperación entre eles e profunde no labor de seren peza clave das Plataformas tecnolóxicas sectoriais, xunto á administración e a Universidade".

Oito liñas de actuación

Grazas a este convenio, o Clúster porá en marcha oito actuacións que es-



O presidente do Clúster, Jacobo Bermejo, foi o encargado de asinar o convenio coa Consellería de Innovación e Industria.

tán enmarcadas en catro eixes fundamentais para a agrupación: a internacionalización, a promoción, a formación e a cooperación e dinamización.

No eido da internacionalización realizarase un estudo de oportunidades de negocio do exterior e fomentaranse os consorcios de exportación.

No segundo eixe convocarase un premio anual de deseño galego, crearase un libro de estilo do mundo gráfico e se levará a cabo unha

campaña de promoción do sector en distintos medios de comunicación.

En canto á formación, creárase un programa de bolseiros para a dinamización da calidade e a mellora continua nos procesos e unhas accións formativas dirixidas aos directivos das empresas asociadas.

Por último, no ámbito da cooperación e dinamización impulsaranse proxectos de integración loxística e implantaranse plans de alianzas empresariais ou concentracións.



Fernando Blanco e Helena Veiguela presidiron o encontro cos presidentes dos clústers industriais galegos.

/ O Clúster estrea sede e amplía o seu cadro de persoal para ofrecer máis servizos aos seus asociados /

A nova oficina sitúase no coñecido barrio compostelán de San Lázaro. Conta cunhas amplas e modernas instalacións, onde actualmente desenvolven a diario o seu traballo tres profesionais



O xerente na sala de xuntas da nova sede.

A finais de agosto o Clúster abandonaba a oficina que compartía coa Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia (AEAGG) no Polígono do Tambre. Facíao para mudarse á nova sede adquirida no barrio de San Lázaro.

O cambio, que foi aprobado na última Asemblea Xeral Ordinaria, débese a que o Clúster necesitaba unhas instalacións moito máis amplas para albergar o novo persoal que apoia ao xerente, á vez que contribúe a consolidar a estrutura organizativa e física do Clúster, que era un dos obxectivos fixados no plan de actuación para este ano.

A nova sede conta cunha moderna sala de xuntas, un office, un despacho para o xerente e cunha sala de traballo que alberga catro postos informáticos.



Sara Garea é a encargada da área de comunicación corporativa do Clúster.

En canto ao capital humano, en outubro contratáronse dúas profesionais que dan soporte a Juan Penas.

Unha delas é Isabel Abelenda que é licenciada en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade da Coruña e diplomada en Ciencias Empresariais polo mesmo centro, onde debido ao seu bo expediente, obtivo o premio extraordinario de fin de carreira.

Abelenda é a responsable da área económico-financi-

ra do Clúster, onde se encarga da xestión de subvencións e outros asuntos coa administración pública, da conciliación bancaria, emisión de recibos, control de documentación, etcétera. Afronta este novo proxecto coma un reto, "con moitas ganas e ilusión. Considero que é unha moi boa oportunidade para desenvolverme persoal e profesionalmente", afirma Isabel.

este novo proxecto profesional, contesta: "con moitas ganas e ilusión, xa que teño a confianza en que o que facemos favorece o desenvolvemento do sector".

Completan o cadro de persoal Juan Penas, o xerente, e Sara Garea, a responsable de comunicación corporativa, que compaxina este traballo co mesmo posto na AEAGG.



Isabel Ventoso leva a cabo funcións de apoio administrativo.

A outra traballadora é Isabel Ventoso. A súa función é dar apoio administrativo e atención telefónica. Ao preguntarlle por como afronta



A área económico-financiaria ten como responsable a Isabel Abelenda.

Proximamente incorporárase un enxeñeiro/a para facerse cargo da área de proxectos encamiñados a axudar aos asociados nos eidos de innovación e internacionalización.



**Novo enderezo e vías de contacto:
Praza Salvador García Bodaño, 3 - 1º A
15707 San Lázaro - Santiago de Compostela
Tf: 881 977 102 Fax: 881 977 103**

/ A Plataforma do Produto Gráfico e do Libro Galego presentou a súa Axenda Estratéxica de Investigación /

Ánxela Bugallo, Helena Veiguela e Rafael Fernández explicaron o novo documento que recolle ás prioridades non ámbito do I+D+i

O día 10 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela o acto de presentación da Axenda Estratéxica de Investigación da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego. Este acto estivo presidido pola conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo; a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela; e polo presidente da Plataforma, Rafael Fernández.

O novo documento recolle as 5 liñas de investigación sobre as que versan os distintos proxectos que se están a impulsar desde a Plataforma e contempla datos significativos dos distintos sectores que compoñen a cadea de valor do Clúster.

Helena Veiguela, directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, fixo referencia na súa intervención ao “considerable peso” que acadan as actividades relacionadas coa publicidade, as artes gráficas e a edición no conxunto da economía galega, e subliñou que “nos atopamos

ante un sector industrial cun peso específico en aumento e cun valor estratéxico desde o punto de vista cultural, ademais de económico”.

Pola súa parte, Ánxela Bugallo destacou a importancia do potencial económico que ten o libro e os outros subsectores que están incluídos dentro da Plataforma, así como a importancia do

capital humano reunido e a súa capacidade creativa. Asimesmo reiterou o apoio do goberno galego á Plataforma e a posibilidade que se abre co traballo que se vai realizar a través da Axenda Estratéxica de Investigación.

A Axenda Estratéxica de Investigación pode descargarse na páxina web da Plataforma (www.ptgrafica.com)



Helena Veiguela, Ánxela Bugallo e Rafael Fernández presidiron a xornada de presentación da Axenda Estratéxica de Investigación.

/ Éxito de participación no foro de medios impresos e mundo dixital /

O Clúster, a Asociación de Periodistas de Galicia (APG), e a Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia organizaron un foro de expertos de medios de comunicación, artes gráficas, editores de libros e empresas de publicidade co obxectivo de analizar o presente e o futuro dos medios impresos e a repercusión que terá o mundo dixital.

Este evento estruturouse en catro sesións nas que os relatores expresaban as súas opinións e os asistentes, máis dun centenar e todos profesionais dos distintos

sectores, interviñan aportando o seu punto de vista e as súas experiencias.

Jacobo Bermejo, participou como relator da mesa dedicada ao libro impreso e Internet, mentres que Juan Penas actuou como moderador na que versaba sobre a publicidade impresa e publicidade na Rede.

Entre as conclusións que se alcanzaron no foro podemos destacar, que as publicacións dixitais non supoñen unha competencia ás impresas, senón que son comple-

mentarias. Ao mesmo tempo, os contidos difundidos en Internet, coa súa gran

penetración e seguimento, poden incentivar o consumo de publicacións impresas.



A mesa sobre a publicidade tivo como protagonistas, de esquerda á dereita, a José Clara, responsable de marketing de Xerox; José Cabanas, director de publicidade de Estrella Galicia; José Manuel Blanco, director de comunicación de El Corte Inglés en Galicia; Juan Penas (moderador); Miguel Conde, presidente executivo de BAP & Conde; e Jaime Conde, director xeral de Quattro idcp.

BREVES

Colaboración nos comités de expertos da FSC

A Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento (FSC) presentou o día 7 de novembro catro comités de expertos coñecedores da realidade galega e do seu tecido económico e social, co obxectivo de formar unha rede de colaboradores que serán os encargados de avaliar a viabilidade das propostas e proxectos que reciba o Consello Reitor.

Jacobo Bermejo foi presentado ao presidente da Xunta de Galicia como membro do Comité de Novos Negocios e Emprendedores. Ao mesmo tempo solicitaron o apoio do Clúster como unidade fundamental de impulso á innovación e produtividade.

Novo convenio para asinar con Caixanova

Proximamente o Clúster vai asinar un convenio de colaboración con Caixanova. Esta entidade bancaria volve respaldar os nosos proxectos, entre eles a realización do plano estratéxico da futura Agrupación de Empresas Innovadoras e a avaliación da viabilidade da creación do futuro Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego.

Caixanova tamén acordará atender as solicitudes de asesoramento e apoio que se realicen desde o Clúster, e colaborar, a través da súa Escola de Negocios, no desenvolvemento de programas de formación directiva empresarial, entre outros puntos.

Participación do Clúster na Feira Cultur.gal

O Clúster participará cun stand na próxima edición de Cultur.gal, a Feira Galega das Industrias Culturais, promovida pola Consellería de Cultura e Deporte. Esta é a súa segunda edición e este ano celebrarase no Palacio de Congresos e Exposicións da Coruña (Palexco) do 4 ao 7 de decembro.

Nesta feira estarán presentes máis de 100 entidades entre empresas, asociacións, profesionais e institucións, que representan aos sectores das artes escénicas, do audiovisual, do libro, da música, das novas tecnoloxías da cultura e do lecer e de servizos socioculturais.

/ O Clúster participou na Semana de Galicia en México /

Entre os días 20 e 24 de outubro celebrouse unha misión comercial a México co obxectivo de identificar novas oportunidades de negocio e crear ámbitos favorables para a cooperación empresarial. Esta iniciativa estivo organizada pola Consellería de Economía e Facenda, a través do Igape, e pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as Cámaras de Comercio Galegas.

Nesta viaxe participaron máis de un centenar de compañías galegas, entre as que se atopaban varios asociados ao Clúster como Alva Gráfica, Nova Galicia Edicións, Tórculo, Grafinsa, Grafoplas e Gráficas Anduriña. Juan Penas, xerente do Clúster, tamén acudiu representando á agrupación empresarial.

Ao longo desta misión mantivéronse reunións con máis de quince empresas, así como con diversas institucións tales como a Cámara Nacional da Industria Gráfica e coa da Industria Editorial, coa Unión de Industriais Litografados de México, etcétera. Nestes encontros establecéronse distintas propostas de cooperación empresarial que se espera que cheguen a bo porto.

O día 21 de outubro Juan Penas pronunciou un relatorio para as empresas e institucións do país baixo o título "O sector de produto gráfico e do libro en Galicia". Nela tratou a situación do sector gráfico na nosa comunidade e presentou ao Clúster especificando a súa composición, obxectivos, servizos e actividades.

Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:

Teléfono

881 977 102

Fax

881 977 103

juanpenas@clustergrafico.com
(Xerente)

Enderezos electrónicos

comunicacion@clustergrafico.com
(Prensa)

cluster@clustergrafico.com
(Xeral)